



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O **Ministerio de Economía e Competitividade**, a través do Programa de Promoción do Talento e a súa Empregabilidade en I+D+i, vén de convocar as **axudas para contratos Juan de la Cierva**, nas modalidades de **formación e incorporación**.

Poden optar á convocatoria organismos públicos de investigación, universidades, institucións sanitarias, entidades públicas e privadas que realicen actividades de I+D así como centros tecnolóxicos de ámbito estatal que estean inscritos no rexistro creado polo Real Decreto 2093/2008.

O obxectivo de ambas convocatorias é **fomentar a contratación** por parte de organismos de investigación ou centros de I+D españois de doutores mozos durante dous anos na etapa de formación e outros dous anos, na de incorporación. Na modalidade de formación, perséguese que os investigadores **completen a súa formación investigadora posdoutoral** en centros de I+D españois distintos a aqueles nos que realizaron a súa formación predoutoral. No caso das axudas para incorporación, a finalidade é que os investigadores afiancen as capacidades adquiridas durante a etapa de formación posdoutoral.

As solicitudes **deben ser presentadas polos centros de I+D** incluíndo xa aos investigadores candidatos, que teñen que ter sido seleccionados a través dun proceso de concorrencia competitiva. Os candidatos deben reunir o requisito de ser doutores e ter obtido o título recentemente.

O Ministerio concederá un **máximo de 225 axudas en cada modalidade**, dotadas con 25.000 euros por investigador/ano nas

axudas para formación e 29.000 euros, nas axudas de incorporación, para cofinanciar o salario e a cota empresarial da Seguridade Social dos investigadores contratados. Adicionalmente, nas axudas para incorporación concederán unha axuda extra de 6.000 euros para cubrir gastos relacionados coa execución das actividades de investigación do investigador contratado.

O prazo de solicitude, que está actualmente aberto, **pecha o 8 de febreiro para os centros que queiran solicitar as axudas de incorporación e o 10 de febreiro, para solicitar as axudas de formación.** Podes consultar as bases completas da convocatoria de axudas para contratos Juan de la Cierva de formación 2015 no seguinte **enlace** e as axudas para contratos Juan de la Cierva de incorporación 2015 **neste outro.**

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.